

Roteiro da Emigración **vedra**



coordinación da iniciativa:


Asociación Medioambiental Amabul

diseño:

Rosa Herraiz

imprime:

Litonor



Serie E

N. D. L.

Vapor

"Sierra Salvada"

INSPECCIÓN GENERAL DE EMIGRACIÓN

Núm.

11875

CARTERA DE IDENTIDAD
DEL EMIGRANTE



Roteiro da Emigración

El retrato irá sellado con el del Ayuntamiento
respectivo.



Buenos Aires, 1900
Sr. Presidente de la S.
Unión y Progreso de S. J.
Muy Señor muestro.



Roteiro da Emigración vedra



Cada emigrante de Vedra, e foron milleiros, abriu un camiño novo para el mesmo, para a súa familia e para a súa terra. Parte do que agora somos é o resultado desa corrente migratoria a América. Unha emigración masiva que deixou a súa pegada paisaxística en obras de inconfundible feitura, construídas, a maioría, na primeira metade do século XX co aforrado alén mar.

Roteiro da Emigración é unha ruta interpretativa que sinaliza e enlaza os lugares do concello onde se atopan algunhas das obras colectivas máis dignas da nosa historia: as escolas, cemiterios, camiños e pontes promovidas, con boas doses de amor á terra, polas sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires


roteiro da emigración

puntos de interese

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ① Roteiro da Emigración;
Casa dos Peóns -Oficina de Información Turística
42° 47,418" N 8° 26,650" O
- ② A paisaxe da Ulla na ollada e no recordo
42° 47,332" N 8° 25,588" O
- ③ Estación do Ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla
42° 46,395" N 8° 25,349" O
- ④ A educación dende a diáspora
42° 46,282" N 8° 25,259" O
- ⑤ Roteiro da Emigración; Pazo de Santa Cruz de Ribadulla
42° 46,352" N 8° 25,571" O
- ⑥ Escola de Ponte Ulla
42° 46,440" N 8° 24,070" O
- ⑦ O viño na ribeira do Ulla
42° 45,305" N 8° 25,340" O
- ⑧ O río Ulla na memoria
42° 44,509" N 8° 27,424" O
- ⑨ Escola de San Pedro de Sarandón
42° 45,358" N 8° 28,235" O
- ⑩ Escola de Trobe
42° 46,002" N 8° 39,596" O
- ⑪ Ponte da Pedreira
42° 46,210" N 8° 30,234" O
- ⑫ Ponte de Bazar
42° 46,349" N 8° 29,427" O
- ⑬ Escola de Santo André de Illobre
42° 47,441" N 8° 30,113" O
- ⑭ Ponte de Couso
42° 48,288" N 8° 30,347" O
- ⑮ Campo da festa e Casa Social de *Unión y Progreso*
42° 48,582" N 8° 30,343" O
- ⑯ Camiño da Torre
42° 43,088" N 8° 30,061" O
- ⑰ Capela de Santa Isabel
42° 48,086" N 8° 29,068" O
- ⑱ Casa da Irmandade
42° 46,334" N 8° 28,446" O
- ⑲ Casa do Sindicato de Agricultores de Vedra
42° 46,347" N 8° 28,409" O
- ⑳ Cemiterio de Vedra
42° 46,358" N 8° 28,237" O
- ㉑ Escola de Merín
42° 46,299" N 8° 27,034" O

TEO



Área de Recreo de Cubela

-  Área de Recreo
-  Igrexa
-  Capela
-  Albergue
-  Muíño
-  Pazo
-  Oficina de Información

Ruta do Pereiro

BOQUEIXÓN

Contorno da Capela de Santa Isabel



A ESTRADA

san pedro de vilanova

A paisaxe da Ulla na ollada e no recordo

Dende o século XVII, o val do Ulla foi un dos territorios máis densamente poboados de Galicia, e tamén un dos que máis intensamente se viu afectado pola emigración dos seus habitantes, primeiro a Cádiz e despois, de forma masiva, a América.

Paisaxe do Val do Ulla coa Serra do Pico Sacro ao fondo.
Metade do século XX.

Dende este lugar da parroquia de San Pedro de Vilanova desprégase ante os nosos ollos a fermosura do val, a beleza dunha paisaxe nunca esquecida polos centos de veciños desta parroquia que cruzaron o Atlántico na procura dunha vida mellor.

Como é ben sabido, moitos emigrantes non só mantiveron o recordo senón, tamén, a preocupación pola prosperidade da terra de orixe. No ano 1922 fundouse na cidade de Bos Aires a sociedade "Nueva Era de Vilanova y sus contornos". Integrábase un bo número de naturais desta parroquia. As súas finalidades eran, esencialmente, as educativas e mutualistas. Durante seis anos sostiveron a escola da parroquia, o seu nome: "República Argentina".

Panorámica do Val do Ulla dende o Albergue de Peregrinos



santa cruz de ribadulla

Estación do ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla



Tren atravesando a paisaxe galega a mediados da primeira metade do século XX.

Os camiños de ferro, que se comezan a construír a mediados do século XIX, fixeron posible, xunto aos grandes transatlánticos a vapor, o traslado de millóns de persoas dende Europa a América.

No caso de Vedra, a existencia do primeiro tecido ferroviario galego, entre Santiago e Vilagarcía (1873), determinou en boa medida que os emigrantes puxeran rumbo a América, maioritariamente nun inicio, dende o porto de Vilagarcía.

A estación de Santa Cruz de Ribadulla, inaugurada no ano 1958, facilitaría o traslado dos emigrantes que partían, dende a década de 1960 en adiante, da comarca da Ulla cara países europeos.



Estación de Santa Cruz de Ribadulla

santa cruz de ribadulla

A educación dende a diáspora



Clase de ximnasia no colexio de Santa Cruz de Ribadulla

Os residentes en América tiveron un destacado papel na súa sociedade de orixe, tamén no eido educativo, fomentando por exemplo, a instrución a través de donativos para materiais escolares, e premios de estímulo para o alumnado.

Oito das doce parroquias do concello recibiron, ademais, fondos procedentes das sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires, para a construción duns locais escolares dos que disporían a partir da década de 1920.



santa maría madanela da ponte ulla

A escola de Ponte Ulla



Inauguración da Casa Escola, coa presenza dos mestres, no centro, autoridades civís e eclesiásticas e membros do "Comité Pro-Escuelas de Puente Ulla". Ano 1926.

No ano 1926 inaugurouse a Escola Nacional de Ponte Ulla. Un total de 38 veciños/as desta parroquia residentes en Bos Aires, asociados, moitos deles, na Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires, aportaron as máis de 1.300 pesetas necesarias para converter o antigo cárcere en escola.



san mamede de ribadulla

O viño na ribeira do Ulla



Viñas na Ponte Ulla co paso de San Xoán da Cova ao fondo, nunha fotografía da década de 1920.

A modernización da agricultura e da gandería estiveron entre as principais finalidades das sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires. Especial interese demostraron na recuperación do viñado no noso concello, ameazado dende mediados do século XIX polas pragas e os atrancos para a comercialización do viño da Ulla.



san miguel de sarandón

O río Ulla na memoria



Pescadores con salmóns no Couto de Ximonde.
Metade do século XX.

As ribeiras e as augas do río Ulla, evocadas en tantos relatos e en tantas cartas que cruzaron o Atlántico, foron unha importante fonte de recursos para as economías labregas. Xeraron tamén o aforro necesario para mercar algunha das pasaxes de "terceira clase", coas que milleiros de emigrantes desta comarca embarcaron rumbo á América das oportunidades.



san pedro de sarandón

Escola de San Pedro de Sarandón



Escola de San Pedro de Sarandón.
Año 1934.

Este edificio foi inaugurado como casa escola no ano 1934, despois de ter recibido unha axuda das sociedades de emigrantes de Vedra en Bos Aires, para a súa construción, próxima ás 3.000 pesetas.

Escola de San Pedro de Sarandón



santo andré de trobe

Escola de Trobe



Parte de la concurrencia que asistió a la Asamblea efectuada por los vecinos de Trobe el 7 del actual con motivo de la Casa Escuela a edificarse en dicha parroquia. 1925

Dende o ano 1924 ata o ano 1930 no que foi inaugurada, a escola de Trobe centrou boa parte dos esforzos feitos polos emigrantes de Vedra, que asociados en Bos Aires loitaban por mellorar o precario sistema educativo das nosas parroquias. A esta escola destinarían máis de 7.800 pesetas.



santo andré de trobe

Ponte da Pedreira



Integrantes de diversas sociedades de Vedra e Teo que loitaban polas necesidades colectivas dos seus concello de orixe.
Bos Aires 1924.

Esta ponte foi inaugurada no ano 1925 grazas aos traballos dun amplo comité, formado en Bos Aires no ano 1919, cuxos integrantes eran emigrantes pertencentes ás sociedades de naturais do concello de Vedra e Teo. Cos rendementos das festas organizadas na capital arxentina, colectas e doa-zóns altruístas financiaron a construción dunha ponte demandada polos veciños e veciñas das parroquias de Santo André de Trobe e Santa María de Teo.



santo andré de trobe

Ponte de Bazar



Veciños sobre a Ponte de Bazar que acababan de inaugurar.
1926.

Esta ponte comezouse a proxectar na cidade de Bos Aires no ano 1917. A súa construción remataríase a mediados de 1926, despois de que as sociedades de emigrantes de Vedra aportaran máis de dous tercios das 6.702 pesetas que custou.



santo andré de illobre

Escola de Santo André de Illobre

SECCIÓN PERMANENTE

DE LA SOCIEDAD

RESIDENTES DE VEDRA

El día 14 del mes pasado fúsentose para la patria el socio don José Neira Nodalar, quien durante mucho tiempo ha sido nuestro compañero de tareas en el seno de la Sociedad, demostrando siempre entusiasmo y patriotismo por la causa que se persigue, como lo demostró en su donativo de «veinte» pesos Pro-Edificio Social, abonados en vísperas de partir. De-

tes como admirables cascadas seguían su itinerario hasta juntarse en el río grande y este con el mar inmenso, indefinible y misterioso.

¿Será allí la vejez de las aguas después de cruzar juventud tan hermosa y primavera tan encantadora como fugaz...?

¡Oh! ¡dichosos en la aldea!

No ano 1917 naceu en Bos Aires a sociedade "El Progreso" de Santo André de Illobre. Os seus socios eran veciños/as conscientes de que sen unha educación axeitada non habería prosperidade posible na terra que os vira partir. Moitos deses emigrados fixeron aportes para que a parroquia puidera contar cunha escola e coa correspondente casa da mestra.



san xián de sales

Ponte de Couso



Comisión Directiva da *Sociedad de Agricultores Unión y Progreso de San Julián de Sales*, impulsores, co apoio dos socios residentes en Bos Aires, de importantes infraestructuras parroquiais. Ca.1920.

No ano 1912, unha trintena de residentes de San Xian de Sales en Bos Aires, asociados na Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires, recaudaron arredor de 415 pesetas para construír esta ponte e satisfacer, dese xeito, unha antiga demanda dos veciños e veciñas de San Xián.



san xán de sales

Campo da festa e Casa Social de Unión y Progreso




D.Ramón Vieytes, mestre da escola sostida por "Unión y Progreso de San Julián de Sales", cos seus alumnos.
Ca. 1920.

Entre os anos 1917 e 1924, a Sociedad Unión y Progreso de San Julián de Sales en Buenos Aires aportou todos os cartos necesarios para dotar á parroquia dun campo da festa e da sede social, que sería tamén edificio escolar.



san xián de sales

Camiño da Torre



No ano 1935 preto de 7.000 pesetas, o seu custe íntegro, foron remitidas pola Sociedad Unión y Progreso de San Julián de Sales en Buenos Aires para a abrir un novo camiño á aldea da Torre. O camiño rematouse case tres anos máis tarde, tras superar numerosos atrancos.



san fins de sales

Capela de Santa Isabel



Familias de emigrantes de Vedra nunha das súas "romarías" de Bos Aires.
Década de 1950.

O culto ás augas e a devoción cristiá eran os elementos arredor dos que cada ano, no mes de maio, se manifestaba a cultura popular galega, nunha das romarías máis importantes da bisbarra.

Os emigrantes da Ulla en Bos Aires e en Cuba, lembrarían sempre, e tratarían de recrear, as festas da súa mocidade. As súas xuntanzas festivas axudaron a manter uns elos de veciñanza e amizade que a distancia non foi quen de rachar.



santa baia de vedra

Casa da Irmandade



Socios da *Sociedad Agrícola, Cultural y Ganadera Parroquial de Santa Eulalia de Vedra*, ante a súa Casa Social e Escola.
Ca. 1920.

Os traballos para construción deste edificio, destinado a sede social e escola, que hoxe coñecemos como Casa da Irmandade, iniciáronse no ano 1915 e rematáronse a primeiros da década de 1920. Erguelo foi, en boa medida, o resultado do esforzo da Sociedad Agrícola, Ganadera y Cultural de Santa Eulalia de Vedra en Buenos Aires, que aportou máis de 3.000 pesetas.



santa baia de vedra

Casa do Sindicato de Agricultores de Vedra



Socios da Sociedad de Agricultores de Vedra ante a súa Casa Social.
Ca.1920

Esta casa, que foi propiedade do Sindicato de Agricultores de Vedra, comezouse a proxectar no mes de outubro de 1911 e inaugurouse no mes de xaneiro de 1917. A Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires aportou máis de 9.000 pesetas da época, a totalidade dos gastos xerados pola compra dos terreos onde se asenta, e pola súa construción.

Casa do Sindicato de Agricultores de Vedra



punto

19

santa baia de vedra

Cemiterio parroquial de Vedra



Procesión da Virxe das Dores ante o cemiterio de Vedra

Este cemiterio foi rematado no ano 1915 grazas ás 10.000 pesetas enviadas dende Bos Aires por preto de 100 veciños alí emigrados, ás doazóns de terreos feitas polo emigrante retornado Bartolomé Vilanova Barros e ao traballo da veciñanza.



san cristovo de merín

Escola de Merín



Casa escola de San Cristovo de Merín ao pouco da súa inauguración no ano 1928.

Neste lugar ergueuse dende o ano 1928 ata o 1990 a casa escola da parroquia de San Cristovo de Merín. Moitos residentes desta parroquia en Bos Aires na década de 1920, e as sociedades de emigrantes de Vedra nesa cidade, aportaron máis da metade das 5.000 pesetas que custou.

Vista da parroquia de San Cristovo de Merín



Casa dos Peóns
CENTRO DE DINAMIZACIÓN
E PROMOCIÓN MUNICIPAL
OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA
Telf:981512482
casadospeons@concellodevedra.com

www.vedraturismo.com
www.concellodevedra.com



Subvencionado por:



DX Educación e Cultura
Programa «A xuventude en acción»

